



**CONCELLO DE VIGO  
CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 23 DE XUÑO DE 2016**

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 23 de xuño de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 22-06-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:**

Dna. Susana García Alvarez  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
Dna. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 1 a) , 2 a) ).  
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao punto 3 a) ).

**Secretario:** D. José Manuel Vieites Alén

**ORDE DO DÍA:**

**1.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).**

Faise entrega do informe da xefa de Patrimonio Histórico de 22-06-2016 de valoración da oferta presentada. A xefa do servizo entrega un informe complementario de data 23-06-2016

**2-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.**

**a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:01	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA147-EHC54B-2HDAEB-MQ85DJ-6TJKG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Mesa a vista do informe da xefa de Patrimonio Histórico de 23-06-2016 de valoración da oferta presentada acorda iniciar o procedemento de negociación e solicitar unha mellora da oferta presentada.

### 3.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).**

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos. (expediente 14569-333).

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- A a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333)" no seguinte orde decrecente:*

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	EIL CORMO INTEGRAL, SLU	<b>89,50</b>
2	EULEN, SA.	<b>71,14</b>

Quinto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EIL CORMO INTEGRAL, SLU. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:01	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA147-EHC54B-2HDAEB-MQ85DJ-6TJKG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Sexto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 675,82 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar *EIL CORMO INTEGRAL, SLU*, o día 3 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 10 de xuño de 2016, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 17 de xuño de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, *EIL CORMO INTEGRAL, SLU*, estaba incompleta. Completada a documentación a mesa de contratación celebrada o 23 de xuño de 2016 comprobou que é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *EIL CORMO INTEGRAL, SLU*,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:01	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA147-EHC54B-2HDAEB-MQ85DJ-6TJKG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- : Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 13 de abril de 2016 de “excluir da licitación a proposta presentada pola mercantil Udine Servicios Integrales S.L. xa que o soporte dixital que contén a oferta técnica non ten contido.

2º.- Adjudicar a *EIL CORMO INTEGRAL, SLU* o *procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333 )*, por un prezo de 31.103,05 euros

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:45 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 03:01	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA147-EHC54B-2HDAEB-MQ85DJ-6TJKG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		